



## Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Podoloxía Deportiva		Código	750G02123	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da Saúde				
Coordinación	Alonso Tajés, Francisco	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es		
Profesorado	Alonso Tajés, Francisco	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
Descrición xeral	<p>O obxectivo xeral da materia é formar ao futuro profesional nos coñecementos, competencias e aplicación da ciencia podolóxica ao campo da podoloxía / medicina deportiva, a través do estudo das características xerais da práctica do deporte e o perfil dos e as deportistas, así como dos principais factores de risco de lesión asociados á realización de exercicio físico e/o a práctica de deporte, e a súa relación coa aparición de afeccións agudas ou crónicas do membro inferior, especialmente no complexo anatómico nocello-pé.</p> <p>A materia aborda a aplicación dos tratamentos dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos (físicos, ortésicos, farmacolóxicos, etc.) ás afeccións cuxa causa de base sexa a práctica deportiva, realizando para ditas afeccións unha planificación integral tanto do seu tratamento como da súa prevención.</p> <p>Os principais bloques de contidos que se desenvolverán na materia son: Fundamentos de podoloxía deportiva e medicina do deporte. Conceptos básicos do exercicio físico e do deporte. Superficies de práctica deportiva. Epidemioloxía das lesións deportivas do membro inferior. Análise podolóxica na práctica deportiva: o xesto deportivo. Lesións do membro inferior asociadas á práctica deportiva (óseas, músculo-tendinosas, ligamentosas, neurolóxicas e dérmicas). Prevención das lesións asociadas á práctica deportiva. Análise do calzado deportivo: conceptos xerais.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O alumno/a é capaz de valorar a biomecánica e patomecánica do pé presente nas diferentes técnicas deportivas, de realizar os tratamentos necesarios para tratar e/ou mellorar a funcionalidade do pé na práctica deportiva. Será capaz de explicar os fundamentos básicos fisiolóxicos do exercicio físico e o deporte, e a súa relación coas afeccións podolóxicas, así como analizar a contorna no que se desenvolven as actividades deportivas e a súa influencia nas afeccións podolóxicas.	A100 A105	B24	C12
O alumno/a é capaz de identificar e tratar as lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A100 A101 A105	B25	
O alumno/a coñece e aplica os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías do pé. O alumno/a adapta e aplica os tratamentos físicos, cirúrxicos e farmacolóxicos, ás lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A102 A112	B30	C11
O alumno/a coñece e aplica terapia da dor e inflamación do pé mediante o deseño e a aplicación protocolos para o tratamento e a prevención das lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A102 A112	B30	C12 C14



O alumno/a coñece, deseña e aplica ortesiología plantar e dixital ás lesións podolóxicas máis frecuentes asociadas ao exercicio físico e ao deporte	A103	B34	
O alumno/a coñece e realiza estudos do calzado, calzadoterapia, mediante a análise das características xerais e particulares do calzado deportivo, a súa función e criterios de selección para o exercicio físico e o deporte	A111	B25	C11

Contidos	
Temas	Subtemas
FUNDAMENTOS DE PODOLOXÍA DEPORTIVA EXERCICIO FÍSICO E DEPORTE SUPERFICIES ANÁLISES PODOLÓXICO EXPLORACIÓN PODOLÓXICA DO DEPORTISTA	TEMA 1: Introdución á podoloxía deportiva. Conceptos básicos de podoloxía deportiva e medicina do deporte. Deporte e saúde. O papel da podoloxía na medicina deportiva: o equipo multidisciplinar. TEMA 2: Exercicio físico e deporte: definicións e características. Principios xerais de fisioloxía do exercicio. Perfís de pacientes deportistas: a idade e o sexo. Psicoloxía no proceso de atención ao paciente deportista. TEMA 3: A análise podolóxica na práctica deportiva: o xesto deportivo. Biomecánica da carreira. Protocolo de exploración do paciente deportista. Influencia das superficies na práctica deportiva.
EPIDEMIOLOXÍA DAS LESIÓNS DEPORTIVAS DO MEMBRO INFERIOR. LESIÓNS DO MEMBRO INFERIOR ASOCIADAS Á PRÁCTICA DEPORTIVA: ÓSEAS, MÚSCULO-TENDINOSAS, LIGAMENTOSAS, NEUROLÓXICAS E DÉRMICAS. DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO	TEMA 4: Epidemioloxía xeral das lesións do membro inferior asociadas á práctica deportiva TEMA 5: Lesións óseas. Fracturas. Afeccións óseas asociadas ao estrés mecánico. TEMA 6: Lesións de ligamentos e fascia. Escordaduras de nocello. Fasciopatía plantar e deporte. TEMA 7: Lesións tendinosas e musculares. Tendinopatías aquíleas. TEMA 8: Lesións neurolóxicas. Neuropatías asociadas ao deporte. TEMA 9: Outras lesións frecuentes na práctica deportiva. Lesións da pel: mecánicas e infecto-contaxiosas.
PREVENCIÓN DAS LESIÓNS ASOCIADAS Á PRÁCTICA DEPORTIVA ADAPTACIÓN DE TRATAMENTOS PODOLÓXICOS AO PACIENTE DEPORTISTA ESTUDO PODOLÓXICO DO CALZADO DEPORTIVO	TEMA 10: Prevenición das afeccións podolóxicas asociadas á práctica deportiva. Quecemento, enfriamento e estiramientos. TEMA 11: Os tratamentos ortopodolóxicos, físicos e farmacolóxicos no proceso de atención ao deportista. Uso de substancias e métodos prohibidos: dopaxe. TEMA 12: Características xerais e criterios de selección do calzado deportivo

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	21	42	63



Prácticas clínicas	A100 A103 B30 C11 C12 C14	9	3	12
Proba obxectiva	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	1	20	21
Estudo de casos	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	1	20	21
Seminario	A100 B24 B25 B34	14	10	24
Atención personalizada		9	0	9

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistras consisten en clases expositivas-participativas dos contidos básicos da materia, con apoio audiovisual de imaxes, vídeos, etc. As sesións maxistras centraranse na exposición e debate dos contidos principais do temario.</p> <p>Poñerase ao dispor do alumnado, de maneira secuencial e a través do Campus Virtual, todo o temario cos contidos teóricos da materia. Para que as sesións presenciais teñan un carácter máis interactivo, é recomendable unha lectura detida do tema que se vaia a impartir na sesión correspondente. No campus virtual estará dispoñible un cronograma orientador cos temas que se traballarán en cada sesión expositiva.</p>
Prácticas clínicas	<p>As prácticas da materia de Podoloxía Deportiva teñen carácter clínico e realizaranse na Clínica Universitaria de Podoloxía. Nelas desenvolveranse os protocolos de exploración e tratamento do paciente deportista, e incidirase na aplicación das probas de exploración e análise biomecánico do xesto deportivo, e a aplicación de tratamentos podolóxicos adaptados ao paciente deportista.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba obxectiva de 40 preguntas tipo test con 5 opcións de resposta e unha única resposta verdadeira. As respostas incorrectas penalizan un 25% do valor da pregunta.</p>
Estudo de casos	<p>Resolución de casos clínicos cuxo motivo de consulta é patoloxía do pé asociada ao exercicio físico ou á práctica deportiva. Os casos conteñen unha descrición con datos clínicos a partir dos cales o estudante deberá responder a cuestións relacionadas co diagnóstico e co tratamento.</p>
Seminario	<p>Os seminarios da materia de Podoloxía Deportiva consistirán no estudo de temas específicos relacionados cos contidos da materia, nos que se traballarán tanto competencias específicas como transversais (procura bibliográfica, fomento dun segundo idioma, etc.), mediante diferentes actividades de traballo, fundamentalmente en grupo, as cales incluírán actividades como a resolución de casos clínicos relacionados coa actividade física e o deporte, utilizando metodoloxías de traballo colaborativo. Os seminarios tamén poden incluír outras actividades como debates, ou traballo práctico clínico de contidos relacionados coa exploración, diagnóstico ou tratamento podolóxico das deportistas.</p> <p>As actividades dos seminarios poderán desenvolverse na aula da Facultade de Enfermería e Podoloxía ou na aula e nas salas da Clínica Universitaria de Podoloxía.</p> <p>No campus virtual estará dispoñible cronograma orientador cos días nos que se planificarán os seminarios para cada grupo ou grupos de estudantes.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba obxectiva Estudo de casos Prácticas clínicas Seminario Sesión maxistral	A atención personalizada desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías";, ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes no Campus Virtual da UDC, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia (A través da plataforma TEAMS).
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	Proba obxectiva de 40 preguntas tipo test con 5 opcións de resposta e unha única resposta verdadeira. As respostas incorrectas penalizan un 25% do valor da pregunta.	40
Estudo de casos	A100 A101 A102 A103 A105 A111 A112	Resolución de casos clínicos cuxo motivo de consulta é patoloxía do pé asociada ao exercicio físico ou á práctica deportiva. Os casos conteñen unha descrición con datos clínicos a partir dos cales o estudante deberá responder a cuestións relacionadas co diagnóstico e co tratamento.	30
Prácticas clínicas	A100 A103 B30 C11 C12 C14	A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado en calquera modalidade de matrícula. Na cualificación das prácticas clínicas terase en conta: 1) a aplicación dos coñecementos á práctica, especialmente os relacionados coa exploración e análise podolóxico do deportista durante a realización das prácticas (50% da cualificación desta metodoloxía) 3) o enchemento dun cuestionario individual sobre coñecementos da aplicación de contidos teóricos á práctica clínica (50% da cualificación desta metodoloxía)	10
Seminario	A100 B24 B25 B34	Nos seminarios desenvolveranse actividades que ha de elaborar o alumnado de maneira individual ou en grupo e entregar en tempo en forma tal e como estará descrito no apartado correspondente da materia no Campus virtual da UDC. En cada seminario especificarase o obxectivo da mesma, os requisitos de formato e a súa puntuación correspondente.  Para que as actividades sexan cualificadas e computen na cualificación final o alumnado debe asistir e participar nas actividades planificadas nos seminarios, fóra dos alumnos/as matriculados a tempo parcial, que terán nesta metodoloxía dispensa académica.	20

#### Observacións avaliación



Para superar a materia é obrigatorio asistir ás prácticas clínicas e superar o exame teórico (cunha calificación mínima do 50% do seu valor total). As cualificacións das prácticas clínicas e os seminarios só computarán na cualificación final se se supera o 50% da cualificación do exame (non é necesario obter o 50% de cada parte; pódese obter o 50% con calquera combinación entre a porcentaxe da proba obxectiva e os casos clínicos). No caso de non presentarse ou non superar o exame na primeira oportunidade, as cualificacións das prácticas clínicas e os seminarios computarán na segunda oportunidade se se supera nesa oportunidade o 50% da cualificación do exame. A cualificación que figurará na acta, en caso de non superar o exame, será a cualificación do exame calculada sobre o 100% da avaliación. En segunda e sucesivas matrículas só computarán as cualificacións da metodoloxía práctica e os seminarios do curso inmediatamente anterior ao vixente (para a materia do plan de estudos de 2019).

A cualificación de Non Presentado outorgarase no caso de que non se presente ao exame ou non realice o 100% das prácticas clínicas. A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con cualificación con opción a matrícula que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora #de acordo con os interesados/as. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación final igual ou superior a 9.0, poderán optar á matrícula de honra previa solicitude ao profesor e mediante a superación da proba anteriormente descrita. No caso de que non existan solicitudes expresas de opción a matrícula, o profesor se reserva a potestade de outorgalas naqueles casos que, cumprindo o requisito de cualificación final mínima, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude demostradas durante o desenvolvemento da materia Alumnado en matrícula parcial: O alumnado en matrícula parcial debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado é obrigatorio ao 100% a realización das práctica clínicas. A cualificación dos seminarios pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o alumno/para realizará de forma autónoma (dispensa académica), e sen asistir ás sesións presenciais de traballo en grupo, presentando os traballos a través do Campus Virtual UDC e cun seguimento de atención personalizada en horario de titorías. Os estudantes SICUE, ERASMUS e BILATERAL poderán optar pola avaliación da matrícula ordinaria ou polas condicións da matrícula a tempo parcial. Oportunidade adiantada de avaliación: O alumnado que se atope nos supostos recolleitos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá, nesta oportunidade, un peso do 100% da cualificación final PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>Fontes bibliográficas nas que de fundamenta o temario elaborado para a materia: Berquist TH. Radiología de Pie y Tobillo. 1ª ed. Philadelphia: Marbán; 2002. Backup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007. Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 7ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2019. De la Rubia, Ángel. Lesiones del corredor. Manual para prevenir y curar los problemas del running. 1ª ed. Madrid: La Esfera de los libros; 2017. Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997. Izquierdo M. Biomecánica y Bases Neuromusculares de la Actividad física y el Deporte. 1ª Ed. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2008. Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior III: Artículos de Precision Intricast, 2002-2008. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2009. Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior IV: Artículos de Precision Intricast, 2009-20013. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2015. Kirby KA. Biomecánica del pie y la extremidad inferior V: Artículos de Precision Intricast, 2009-20013. Arizona (USA): PrecisionIntricast, Inc; 2018. Mandracchia V. Consulting Editor. Heel Pain. New York: Clinics in Podiatric Medicine and Surgery; 2005. McNabb JW. Infiltraciones. 1ª ed. Madrid: Marbán; 2006</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Anatomía específica do membro inferior/750G02104

Dermatoloxía/750G02124

Patoloxía Podolóxica I/750G02119

Patoloxía Podolóxica II/750G02120

Ortopodoloxía II/750G02116

Podoloxía Preventiva /750G02114

Ortesioloxía Dixital e Calzadoterapia /750G02117

Ortopodoloxía Clínica/750G02118

Biomecánica do Membro Inferior/750G02111

Quiropodoloxía 1/750G02125

Quiropodoloxía 2/750G02126

Farmacoloxía/750G02109

Terapéutica Farmacolóxica/750G02122

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Ortopodoloxía I/750G02115

Diagnóstico por Imaxe/750G02112

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum II/750G02135

### Materias que continúan o temario

Prácticum III/750G02136

### Observacións

Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de XéneroOs traballos documentais dos seminarios da materia solicitaranse en formato informático Toda a información da organización da materia así como o temario estará disponible no Campus virtual en formato PDF para ser descargada ou consultada en liña sen necesidade de realizar a impresión de esta. No caso de ter que imprimila recoméndase: &nbsp;Impresións a dobre cara Empregar papel reciclado Como parte dos valores da materia traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, así como facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria É recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural (por exemplo, evitar mercar botellas de auga de plástico ou empregar unha para encher de auga da fonte da facultade ou da clínica universitaria)

(\* ) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías